**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 3 DE MARZO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| **Presidente:**<br>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)<br>**Membros que asisten:**<br>Dª Fabiola García Martínez<br>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral<br>Dª Elvira Pereira Ageitos<br>Dª María Esther Patiño Rey<br>D. Anxo Orellan Fernández<br>D. Víctor Reiriz Lampón<br>Dª María Herminia Pouso Maneiro | **Interventor:**<br>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)<br>**Secretario Xeral**<br>D. Juan Manuel Salguero del Valle<br>**Membros que non asisten:**<br>------------------------------------------------ |

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día tres de marzo do dous mil dezaseis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

## I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2016.

## II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

### A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 01/03/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 111.585,19 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

| Nº Proposta | 1 | Data | 29/02/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Arquiveiro Municipal<br>José Antonio Otero | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Adquisición de fondos para actualizar e completar a sección de infantil e xuvenil da Biblioteca Municipal de Riveira | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | ESTEBAN MUÑOZ TOVAR |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | ESTEBAN MUÑOZ TOVAR | | |
| NIF/CIF: | 74312067X | | |
| Importe (IVE incluído): | **854,50 €** | | |
| Observacións | | | |

| Nº Proposta | 2 | Data | 29/02/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de zahorra para arranxo de diversas pistas de terra do concello | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | HORMIGONES DE XARÁS, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | HORMIGONES DE XARÁS, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15025786 | | |
| Importe (IVE incluído): | **2.983,86 €** | | |
| Observacións | | | |

| Nº Proposta | 3 | Data | 29/02/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Servizo de Vías e Obras<br>José Manuel Queiruga Brión | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Aluguer de pisón para arranxo de diversas pistas de terra do concello | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15972649 | | |
| Importe (IVE incluído): | **700,00 €** | | |
| Observacións | | | |

| Nº Proposta | 4 | Data | 22/02/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá<br>Fabiola García Martínez | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de mobiliario para Oficina de Atención Cidadá (Armarios, paraugueiros, papeleiras, porta CPU,...) | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | MAMPARAS Y TABIQUERÍA BERGONDO 92, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | MAMPARAS Y TABIQUERÍA BERGONDO 92, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15739162 | | |
| Importe (IVE incluído): | **6.168,77 €** | | |
| Observacións | | | |

| Nº Proposta | 5 | Data | 02/03/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 2000 chapas co lema "Con galerna ou encalmada, fala galego", co motivo da posta en funcionamento da campaña de dinamización do uso da lingua galega "Fala galego" | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | DOSTEX, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | DOSTEX, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15944002 | | |
| Importe (IVE incluído): | **677,60 €** | | |
| Observacións | | | |

| Nº Proposta | 6 | Data | 02/03/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Celebración de 4 concertos didácticos os días 15 e 16/03/2016 no Auditorio Municipal, dirixidos a nenos/as e profesorado de primaria, e incluídos no programa de actividades dirixidas ao sector educativo do mes de marzo de 2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | SARA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | SARA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ | | |
| NIF/CIF: | 53489365J | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.004,30 €** | | |
| Observacións | | | |

| Nº Proposta | 7 | Data | 02/03/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Partida de gastos en concepto de imprevistos, co motivo da celebración de 4 concertos didácticos os días 15 e 16/03/2016 no | | |

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Auditorio Municipal, dirixidos a nenos/as e profesorado de primaria, e incluídos no programa de actividades dirixidas ao sector educativo do mes de marzo de 2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | | Provedores | |
| Informe: | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| Denominación: | | | |
| NIF/CIF: | | | |
| Importe (IVE incluído): | **200,00 €** | | |
| Observacións | - Contía destinada a imprevistos que poidan xurdir para o bo desenvolmento das actividades | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **8** | **Data** | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material funxible de oficina e laboratorio necesario para as tarefas diarias do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | DOSTEX, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **DOSTEX, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15944002 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **532,75 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **9** | **Data** | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material informático (Toner e lector de DNI) para as impresoras do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | INFORMOVIL |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **INFORMOVIL** | | |
| **NIF/CIF:** | B70361902 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **653,40 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **10** | **Data** | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de 1000 sobres autofix, 1000 sobres bolsa, 5000 follas, 3000 cartas e 1000 receitas, para o Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. |
| **Informe:** | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | |
|---|---|---|
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | |
| Denominación: | SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. | |
| NIF/CIF: | J15626245 | |
| Importe (IVE incluído): | **517,12 €** | |
| Observacións | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **11** | Data | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de pipetas Pasteur, contenedores e paletinas plásticas necesarios para a manipulación de ouriños e posterior control de análises no Servizo de Drogodependencias | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | SUMCYL, S.L. |
| Informe: | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **SUMCYL, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15250186 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **1.562,23 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **12** | **Data** | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material diverso para as actividades de música, para a posta en funcionamento dos novos talleres da Unidade de Día do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | MERKTRON ELECTRÓNICA, S.L. |
| **Informe:** | Xefe de Servizo da Unidade de Drogodependencias - Jesús Cartelle Fernández (07/02/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **MERKTRON ELECTRÓNICA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15816960 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **504,50 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **13** | **Data** | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material diverso para as actividades de bonsai, para a posta en funcionamento dos novos talleres da Unidade de Día do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L. |
| **Informe:** | Xefe de Servizo da Unidade de Drogodependencias - Jesús Cartelle Fernández (07/02/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15847460 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **287,46 €** | | |
| **Observacións** | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **14** | Data | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material diverso para as actividades de pintura, para a posta en funcionamento dos novos talleres da Unidade de Día do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | ESTER RINCÓN-BENZALÁ FERNÁNDEZ |
| **Informe:** | Xefe de Servizo da Unidade de Drogodependencias - Jesús Cartelle Fernández (07/02/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **ESTER RINCÓN-BENZALÁ FERNÁNDEZ** | | |
| **NIF/CIF:** | 34922763T | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **702,82 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **15** | Data | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material diverso para o desenvolvemento de actividades, co motivo da posta en funcionamento dos novos talleres da Unidade de Día do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | DOSTEX, S.L. |
| **Informe:** | Xefe de Servizo da Unidade de Drogodependencias - Jesús Cartelle Fernández (07/02/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **DOSTEX, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15944002 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **207,50 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **16** | Data | 19/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Sanidade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de material (maguitos e delantais deshechables) para o desenvolvemento de actividades, co motivo da posta en funcionamento dos novos talleres da Unidade de Día do Servizo de Drogodependencias | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | DOSTEX, S.L. |
| **Informe:** | Xefe de Servizo da Unidade de Drogodependencias - Jesús Cartelle Fernández (07/02/2016) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **DOSTEX, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15944002 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **57,90 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | **17** | Data | 29/02/2016 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Alcaldía/Concellería de Economía, Pesca, Infraestruturas e Urbanismo<br>Manuel Ruiz Rivas<br>Técnico Informático Municipal | | |

CONCELLO DE RIVEIRA

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Ramón Martínez Becerra | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 7 tabletas de sinatura Wacom STU-340 e 1 impresora de tickets Bixolón Srp350 Usb Black, co motivo da posta en funcionamento das novas instalacións da Oficina de Atención Cidadá | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | DEPARTAMENTO GALLEGO DE INFORMÁTICA, S.L.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **DEPARTAMENTO GALLEGO DE INFORMÁTICA, S.L.L.** | | |
| NIF/CIF: | B36914380 | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.886,00 €** | | |
| Observacións | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 18 | Data | 29/02/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Alcaldía/Concellería de Economía, Pesca, Infraestruturas e Urbanismo<br>Manuel Ruiz Rivas<br>Técnico Informático Municipal<br>Ramón Martínez Becerra | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración e instalación dunha televisión de granformato para o sistema de numeración e atención de usuarios, co motivo da posta en funcionamento das novas instalacións da Oficina de Atención Cidadá | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - J. MARTÍNEZ BLANCO, S.L.<br>- FRANCISCO PÉREZ PÉREZ Y OTRO, S.L.<br>- ELECTRODOMÉSTICOS SAMPEDRO, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | J. MARTÍNEZ BLANCO, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15301757 | | |
| Importe (IVE incluído): | **509,00 €** | | |
| Observacións | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 19 | Data | 29/02/2016 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Alcaldía/Concellería de Economía, Pesca, Infraestruturas e Urbanismo<br>Manuel Ruiz Rivas<br>Técnico Informático Municipal<br>Ramón Martínez Becerra | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Aluguer mensual de 6 copiadoras/impresoras/escáner por un período de 6 meses de duración do contrato, ata que se saque a concurso un novo renting de todas as copiadoras/impresoras/escáner necesarias en todos os departamentos do concello | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | NEA F3 IBÉRICA, S.L.U. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **NEA F3 IBÉRICA, S.L.U.** | | |
| NIF/CIF: | B15361348 | | |
| Importe: | **300,00 €/mes** (6 meses) | | |
| Observacións | 1 unidade (Konica Minolta Bizhub C220): Área Económica<br>1 unidade (Konica Minolta Bizhub C220): Departamento de Cultura<br>1 unidade (Konica Minolta Bizhub C220): Departamento de Urbanismo<br>3 unidades (Konica Minolta Bizhub C4050+pedestal): Oficina de Atención Cidadá | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

CONCELLO
DE
**RIVEIRA**
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

| Nº Proposta | 20 | Data | 18/02/2016 |
|---|---|---|---|
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Alcaldía/Concellería de Economía, Pesca, Infraestruturas e Urbanismo<br>Manuel Ruiz Rivas<br>Técnico Informático Municipal<br>Ramón Martínez Becerra | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Dotación de sistema de seguridade (instalación, servizo de mantemento e recepción de alertas durante 24 meses) nas novas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Riveira | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - 8 POR 8 VISUS, S.L.<br>- INST. ELEC. Y TELECOM. F. PÉREZ, S.L.<br>- ODELUC, S. COOP. LTDA. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **8 POR 8 VISUS, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B70283221 | | |
| Importe (IVE incluído): | **4.155,30 €** | | |
| Observacións | | | |

<u>**Proposta de gasto nº 21**</u>**: Pago de premios do Concurso de Disfraces de Hostalería do Pequeno Entroido 2016.**

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 29/02/2016, na que solicita que se realice o pago aos beneficiarios dos premios do Concurso de Disfraces de Hostalería do Pequeno Entroido 2016, segundo os importes reflictidos na relación e anexos que achega xunto coa proposta.

Vista a documentación que consta no expediente.

<u>**A Xunta de Goberno Local**</u>, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación ao pago para os beneficiarios dos premios do Concurso de Disfraces de Hostalería do Pequeno Entroido 2016, segundo a seguinte relación:

| Categoría/Disfrace/ Beneficiario (Representante) | Importe Premio |
|---|---|
| **Categoría Individual - "Teléfono Móbil"**<br>Ramiro Garaboa Paz | <u>1º premio</u>: 100,00 € |
| **Categoría Individual - "Loitador Mexicano"**<br>David Tomé Bahamonde | <u>2º premio</u>: 50,00 € |
| **Categoría Parella - "As Latas"**<br>María Parada Gómez | <u>1º premio</u>: 200,00 € |
| **Categoría Parella - "Polbo da Ría"**<br>Manuel Moldes Moraña | <u>2º premio</u>: 100,00 € |
| **Categoría Grupo - "As Medusas"**<br>Juana Crujeiras Gude (Asociación Redonda Vella) | <u>1º premio</u>: 350,00 € |
| **Categoría Grupo - "Galletas Príncipe"**<br>Paula Patiño Morán | <u>2º premio</u>: 200,00 € |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.**

**Modificación de Crédito. Transferencia de Crédito 1/2016:**

Vista a Proposta da Alcaldía de data 26/02/2016 na que propón a aprobación da **Transferencia de Crédito 1/2016**, co motivo da necesidade de azquisición de máis mobiliario para adecuar a oficina e despachos do Servizo de Atención Cidadá, e de acordo co seguinte detalle:

**TC 1/2016**

| Partidas que ceden crédito | Importe | Partidas que incrementan crédito | Importe |
|---|---|---|---|
| 933 212.00 | 10.000,00 € | 933 625.00 | 10.000,00 € |

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 26/02/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Transferencia de Crédito 1/2016,** proposta pola Alcaldía.

**III.- CONTRATACIÓN.**

**1.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE "EXECUCIÓN DE CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓNS DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA".**

Durante os últimos anos o Concello foi executando por fases por medio dos alumnos participantes nos distintos Obradoiros de Emprego subvencionados pola Xunta de Galicia, a construción dun Centro Social Multiusos en Carreira. Na actualidade a edificación realizada ata o de agora non ten cuberta e é preciso dotalo da mesma para que non se deteriore a parte do edificio xa construído.

Segundo o orzamento redactado polo arquitecto Angel Cid Carballo na data outubro de 2015, a execución dos traballos ascende a un importe total de 59.791,32 euros (valor estimado do contrato: 49.414,31 euros; IVE 21%: 10.377,01 euros).

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Orzamento e planos redactados polo arquitecto Angel Cid Carballo na data outubro de 2015.
- Oferta presentada pola empresa "Cubregal, S.L." (número 3210, da data 25/11/15).
- Oferta presentada pola empresa "Cubiertas Rendal, S.L." (número 0116/15, da data 17/11/15).

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/12/2015 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 26/02/2016 (número de operación 2016 22002266), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 241D 60900.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Tendo en conta que para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas:

| Licitador | Valor estimado | (IVE 21%) | Prezo total |
|---|---|---|---|
| Cubregal, S.L. | 47.900,05 euros | 10.059,01 euros | 57.959,06 euros |
| Cubiertas Rendal, S.L. | 48.780,75 euros | 10.243,96 euros | 59.024,71 euros |

Vista a proposta de contratación formulada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/12/2015.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo

2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

**Primeiro**.- **Aproba-lo expediente de contratación, como contrato menor,** para realiza-las obras de **"EXECUCIÓN DE CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓNS DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA"**, cun **orzamento total de 59.791,32 euros** (valor estimado do contrato: 49.414,31 euros; IVE 21%: 10.377,01 euros).

**Segundo**.- **Aproba-lo gasto** con cargo á aplicación orzamentaria **241D 60900**.

**Terceiro**.- **Adxudicar o contrato menor para realizar as obras de "EXECUCIÓN DE CUBERTA E IMPERMEABILIZACIÓNS DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA" á empresa "Cubregal, S.L."** (NIF B15493729), **no prezo total do contrato de 57.959,06 euros** (Base: 47.900,05 euros; IVE 21%: 10.059,01 euros).

**Cuarto**.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

## 2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "CONTROL DE PRAGAS URBANAS NO CONCELLO DE RIVEIRA (DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN)".

Visto o expediente que se tramita para contratar o servizo de **"Control de pragas urbanas no concello de Riveira (desratización, desinfección e desinsectación)".**

Constan no expediente os seguintes documentos:

1.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar a contratación, asinada polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga na data 19/02/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

2.- Prego de prescricións técnicas redactado polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga na data 19/02/2016, cun orzamento total ANUAL por contrata de 10.500,00 euros (valor estimado ANUAL do contrato: 8.677,69 euros; IVE 21%: 1.822,31 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

3.- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 25/02/2016 (número de operación 2016 22001694), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 311 22706.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 25/02/2016.

5.- Informe xurídico emitido polo secretario Juan Manuel Salguero del Valle na data 26/02/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

6.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 26/02/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 10 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110, 115 e 116 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos**:

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de "Control de pragas urbanas no concello de Riveira (desratización, desinfección e desinsectación)"**, cun orzamento total ANUAL por contrata de 10.500,00 euros (valor estimado ANUAL do contrato: 8.677,69 euros; IVE 21%: 1.822,31 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

**SEGUNDO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 311 22799.

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas** redactado polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga na data 19/02/2016.

**CUARTO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación por procedemento aberto e con tramitación ordinaria.

**QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación.**

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ó tratarse dun contrato que non está suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Perfil de Contratante do Concello (artigos 142 e 53 do TRLCSP).

### 3.- EXPEDIENTES DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

a) DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NA ZONA DE VILAR (CARREIRA)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realiza-las obras do proxecto "Instalación de rede de saneamento na zona de Vilar (Carreira)".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 19/12/2013, a favor da empresa "Lisardo Inversiones, S.L." (NIF B15997240), e o correspondente contrato asinouse na data 20/12/2013.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 6.623,75 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 10/12/2013.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 29/09/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 01/03/2016, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo**:

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 6.623,75 euros constituída por "Lisardo Inversiones, S.L." (NIF B15997240), para responder da execución do contrato "Instalación de rede de saneamento na zona de Vilar (Carreira)".**

b) DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE INSTALACIÓNS FRIGORÍFICAS PARA O MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a "Subministración de instalacións frigoríficas para o mercado municipal de Riveira".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 05/12/2013, a favor da empresa "REFRIGERACIÓN DE RIVEIRA, S.L." (NIF B15405681), e o correspondente contrato asinouse na data 10/12/2013.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 4.576,16 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 03/12/2013 (nº de operación 2013 33008122), polo aval do Banco Popular nº 08198-00667.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 18/12/2013.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 01/03/2016, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo**:

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 4.576,16 euros constituída por "REFRIGERACIÓN DE RIVEIRA, S.L." (NIF B15405681), para responder da execución do contrato "Subministración de instalacións frigoríficas para o mercado municipal de Riveira".**

## IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

## V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

## VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**1**.- Vistos os escritos presentados por **Antonio Franco Rivas**, de datas 02/07/2015, 27/08/2015 e 01/02/2016 (Rexistros de entrada nº 7.035, 8.869 e 945), nos que solicita licenza de obra para conservación e mantenemento de edificación existente na Rúa Prado nº 18, Corrubedo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3935302MH9133N0001DJ.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 22/12/2015, ao informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/02/2016, e ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 19/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Antonio Franco Rivas ***LICENZA DE OBRAS (Nº 12/16)*** para ***CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO DE EDIFICACIÓN EXISTENTE*** na Rúa Prado nº 18, Corrubedo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3935302MH9133N0001DJ, nos termos do Proxecto Técnico de xuño de 2015 redactado por José Manuel Nieto Olveira:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto Técnico** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sitas ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 22,83 m²**), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construcción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 339,33 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementariade obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 29/02/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 122,41 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver................................ **0,00 €** |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 165,54 € | **Cota Autoliquidada** | 165,54 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**2.-** Vistos os escritos presentados por Enrique Martínez Pérez en representación de **Frinorsa, S.L.**, de datas 24/09/2015 e 05/02/2016 (Rexistros de entrada nº 9.953 e 1.140), nos que solicita licenza de obra para ampliación de nave industrial destinada a almacén, sito na Polígono Industrial de Xarás nº 96, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A938017520000UL.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 11/02/2016, vista a Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 29/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** á entidade FRINORSA S.L. ***LICENZA DE OBRA (Nº 13/16)*** para ***AMPLIACIÓN DE NAVE INDUSTRIAL PARA USO DE ALMACÉN*** sita na Polígono Industrial de Xarás nº 96, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A938017520000UL, nos termos do Proxecto Técnico visado polo C.O.E.T.I de Santiago de data 7.7.15 así como dos Planos nº 04, 05, 06, 07 e 08 modificados de xullo de 2015 redactados por Roberto Ozores Nine:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde,** visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

**Segundo.-** En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), ***non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial***, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

**Terceiro.-** Logo de rematar a obra, ***presentarase comunicación previa para o inicio da actividade cos requisitos especificados nos artios 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia*** (Dog nº 247 do 27 de decembro), realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado.

**Cuarto.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Quinto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*

CONCELLO DE RIVEIRA

- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Sexto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Oitavo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Noveno.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

CONCELLO DE RIVEIRA

**Décimo.**- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementariade obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 29/02/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 443,70 € | | | | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver................................ **0,00 €** | | | |
| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
| **Cota complementaria** | 486,83 € | **Cota Autoliquidada** | 486,83 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**3.**- Vistos os escritos presentados por Noelia Rª Doval Iglesias actuando en nome e representación da entidade **Euroneida, S.L.,** de datas 07/10/2015 e 26/11/2015 e 18/02/2016 (Rexistros de entrada nº 10.372, 12.242 e 1.589), nos que solicita licenza de obra para acondicionamento de local para uso comercial, sito na Rúa de Galicia nº 81, Baixo, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 23/02/2016, vista a Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 26/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.- *CONCEDER*** á entidade EURONEIDA S.L. ***LICENZA DE OBRA (Nº 14/16)*** para ***ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA USO COMERCIAL*** sito na Rúa de Galicia nº 81, Baixo, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0718023NH0101N0001SF, nos termos do Proxecto Básico e de Execución de setembro de 2015 redactado por Miguel Ángel Pérez Benito:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Proxecto de Técnico visado polo Colexio Oficial correspondente.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde,** visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

**Segundo.-** En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), ***non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial***, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

**Terceiro.-** Logo de rematar a obra, ***presentarase comunicación previa para o inicio da actividade cos requisitos especificados nos artios 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia*** (Dog nº 247 do 27 de decembro), realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado.

**Cuarto.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Quinto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Sexto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as

augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Oitavo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Noveno.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Décimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementariade obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 01/03/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | -529,72 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. **20,75 €** |
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 550,47 € | |
| Licenzas urbanísticas | -43,13 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 593,60 € | **Cota Autoliquidada** | 572,85 € | **Diferenza** | 20,75 € |

*- <u>PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO</u> (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)*
*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*
*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*
*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*

*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

**4.**- Vistos os escritos presentados por Juan José Pérez Cerecedo actuando en nome e representación de **San Amedio, S.L.**, de datas 04/01/2016, 14/01/2016, 04/02/2016 e 12/02/2016 (Rexistros de entrada nº 4, 299, 1.099 e 1.361), nos que solicita licenza de obra para construir rampa de acceso a edificio existente na Rúa Carqueixa s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/02/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 24/02/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.**- ***CONCEDER*** a SAN AMEDIO S.L, ***LICENZA DE OBRAS (Nº 15/16)*** para ***CONSTRUCIÓN ºDE RAMPA DE ACCESO CON OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA*** na Rúa Carqueixa s/n, Riveira en edificio existente en parcela con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX, nos termos do Memoria técnica de xaneiro de 2016 redactado por Joaquín A. Gago Fernández.

**Segundo.**- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.**- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*

CONCELLO RIVEIRA SECRETARÍA

- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRE

materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementariade obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 29/02/2016, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | -21,24 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. **21,89 €** |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 77,46 € | **Cota Autoliquidada** | 55,57 € | **Diferenza** | 21,89 € |

- *PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO* (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)

*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*
*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*
*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

**5.**- Visto o escrito presentado por Marcos Baldomero Fariña, actuando en nome e representación da entidade **Grupo Baldomero Fariña, S.L.**, de data 03/02/2016 (Rexistro de entrada nº 1.064), no que solicita a devolución dos tributos asociados á **licenza de obras nº 353/08 presentando a renuncia expresa de dita licenza**.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 04/02/2016, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/02/2016, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 01/03/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro**.- ***ACEPTAR A RENUNCIA*** da licenza urbanística municipal de obra presentada por Marcos Baldomero Fariña actuando en nome e representación da entidade GRUPO BALDOMERO FARIÑA S.L., en relación á ***LICENZA DE OBRA Nº 353/08***, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de maio de 2008 para levar a cabo a construcción de edificio de vivendas na Rúa Rábuda, Aguiño, Riveira, ***DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDEMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.***

**Segundo.**- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra nº 353/08, formulada por **Grupo Baldomero Fariña, S.L.**, coa seguinte contía: **99.215,99 €**.

**Terceiro.**- Que se proceda á devolución do aval depositado como condicionante da licenza de obras nº 353/08, coa seguinte contía: **21.707,45 €**.

**Cuarto.**- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**6.**- Visto o escrito presentado por **D. Carlos Javier Mirón Gutiérrez**, en representación de **Construcciones Mirón y Gutiérrez Pontevedra, S.A.**, de data 28/10/2014 (Rexistro de entrada nº 13.141), no que solicita a devolución do aval nº 1324-29 depositado como condicionante das obras de "Urbanización na Praza de España e o seu entorno".

Visto o **informe técnico** favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 27/01/2016, que se transcribe:

CONCELLO DE RIVEIRA

*"ASUNTO:* *DEVOLUCIÓN DE AVAL*
*SOLICITANTE:* *D. Carlos Javier Mirón Gutiérrez en nombre de Construcciones Mirón y Gutiérrez Pontevedra S.A.*

***Nº REGISTRO GENERAL Y FECHA:*** *13141 – 28/octubre/2014*

***Nº AVAL:*** *1324-29*

***SITUACIÓN:*** *Plaza de España y su entorno (Riveira)*

***INFORME:***
*Personados los Servicios Técnicos Municipales en el lugar arriba mencionado, se ha podido comprobar que las obras de urbanización de los espacios públicos de la Plaza de España y su entorno, están ejecutados en su mayoría.*
*Faltan por urbanizar varios espacios según la relación siguiente:*
- *Parte de calle de nueva construcción: sin realizar*
- *Urbanización resultante de retranqueo en solar 3: sin realizar*

*Según esto, el total de superficie a urbanizar que falta es: 371,00 m2*
*El coste de urbanización de esta superficie serían 64.402,73 €*
*Lo devuelto hasta la fecha es 1.006.704,89 €, y lo que queda sin devolver es 419.095,11 € del total. De esta cantidad hay que restar los 64.402,73 €, con lo que se puede devolver 354.692,38 €*
*Se informa favorablemente la devolución parcial del aval."*

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Autorizar** a devolución parcial do citado aval a **Construcciones Mirón y Gutiérrez Pontevedra, S.A.**, según o contido do citado informe técnico.

**7.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS, LEVANTAMENTO DE PARALIZACIÓN E RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 1/16 INCOADO A GEMA BURES QUINTANA.**

***FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA:*** *Ampliación de vivenda unifamiliar para construcción de garaxes.*
***CLASIFICACIÓN DO SOLO:*** *Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.*
***REFª CATASTRAL:*** *150784A007008530000KL.*
***SITUACIÓN:*** *Lugar de Insuela, Palmeira, Riveira.*
***PROMOTOR/A:*** *Gema Bures Quintana e Miguel Ángel Fernández Albores.*
***PROXECTO:*** *Proxecto Básico de xaneiro de 2016 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10.2.16.*
***AUTOR/A PROXECTO:*** *José A. Gómez Domínguez.*
***ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL:*** *74.086,24 €.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

CONCELLO DE RIVEIRA

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Consta no Concello comunicación de obra menor presentada pola Sra. Gema Bures Quintana para realizar muro de peche en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira.

2.- O vixiante de rendas J. Ramón Ces Pazos emite informe de acta de comprobación fiscal na data 23.11.15 no que sinala que a obra que se executa no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira incumple a normativa.

3.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar visita de comprobación emite informe na data 30 de decembro de 2015 no que fai constar que:

*"*

*(...)*

*Se considera que la obra de muro de contención en curso de ejecución no se ajusta a las condiciones de la comunicación de obra menor y es objeto de licencia de obra mayor. Por tanto, se considera de aplicación el art. 204 LOUGA sobre obras que no se ajustan a las condiciones de licencia."*

4- Posteriormente por Decreto de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2016 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 7/14 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Lisardo Fernández López actuando en nome e representación da Sra. Gema Bures Quintana na data 20 de xaneiro de 2016.

7.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

8.- Notificado este emprazamento a Sra. Gema Bures Quintana presenta en escrito rexistrado de entrada na data 1.2.16, (Rexistro de entrada nº 923), solicitude de licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar para construcción de garaxe en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, achegando coa solicitude Proxecto Básico de xaneiro de 2016 redactado por José A. Gómez Domínguez e Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10.2.06.

9.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 3 de febreiro de 2016 no que analiza en ***sentido favorable*** o axuste da obra

CONCELLO DE RIVEIRA

pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:

"

*(...)*

*Se informa favorablemente. Previamente al inicio de las obras se presentará proyecto de ejecución visado y nombramiento de dirección facultativa."*

10.- Polo Sr. Lisardo Fernández López actuando en nome e representación da Sra. Gema Bures Quintana presenta en escrito rexistrado de entrada na data 11.2.16, (Rexistro de entrada nº 1.312), Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10.2.16 redactado por José A. Gómez Domínguez.

Asimesmo presenta en escritos rexistrados de entrada na data 19.2.16, 22.2.16, 24.2.16 e 29.2.16, (Rexistro de entrada nº 1.619, 1.680, 1.769 e 1.923), achégase orzamentos modificados para engadir ao expediente.

11.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 1 de marzo de 2016 no que analiza en ***sentido favorable*** o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:

"

*(...)*

*Se informa favorablemente. En relación a la alineación del muro ya construido en la parte oeste de la parcela que linda con el vial se comprueba su adaptación a las condiciones del contrato de cesión que consta en expediente. En cuanto a las alturas del citado cierre, comprobado el nivel del terreno natural en las parcelas cercanas se considera que es compatible con las normas del PXOM considerando la altura respecto a la cota del terreno natural."*

12.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira emite informe na data 1 de marzo de 2016 no que analiza en ***sentido favorable*** o axuste da obra pretendida ás aliñacións determinadas no Planeamento Municipal facendo constar que:

"

*(...)*

